



Expediente 2.496-611

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓN ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR P. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L. NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 4 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do subministro de mobiliario da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- O 4 de abril de 2019, publicouse no perfil de contratante o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- O 12 de abril de 2019 P. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., con CIF B15.573.207 formulou varias preguntas en relación con este contrato.

II.- Aclaración

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas coas correspondentes respostas:

Pregunta 1.-

"Tenemos una duda en relación al pliego administrativo de este expediente. En concreto a la documentación que se ha de presentar en el sobre C. 1. En el pliego, página 18 dice "A proposición avaliable mediante fórmula deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 6.B das FEC., es decir, cubrir el correspondiente modelo de proposición. Esto lo tenemos claro, pero a continuación figura el siguiente párrafo: Deberá incluírse un orzamento do servizo. O cálculo deste orzamento estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo cando menos, os seguintes capítulos: ➢ I. Amortización-financiamento do investimento total en maquinaria e calquera outro material inventariable ➢ II. Gastos de persoal calculado segundo o convenio colectivo de aplicación, detallado por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación ➢ III. Gastos de materiais consumibles para a prestación dos servizos ➢ IV. Outros gastos fixos anuais de mantemento, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugueres



e outros que teñan incidencia no contrato" En cuanto a este segundo punto no sabemos qué documentación debemos aportar o si esto no es de aplicación en nuestro caso".

Resposta: Neste procedemento non é necesaria a presentación do orzamento detallado ao que se refire a cláusula 14.2c do PCAP pola propia natureza das prestacións obxecto do contrato.

Pregunta 2.- En relación al apartado del seguro, página 49 del pliego administrativo, ¿el seguro tiene que ser específico para este concurso o vale nuestro seguro de Responsabilidad Civil que tenemos para la empresa? En el caso de ser un seguro nuevo específico para este concurso ¿qué datos deben figurar en el mismo?"

Resposta: Non é necesario constituír un seguro específico de responsabilidade civil para este contrato se o licitador xa dispón dese seguro para a empresa, sempre que cumpra cos requisitos esixidos no PCAP.

III.- Competencia para resolver

A competencia para a resolución da presente solicitude correspóndelle ao Concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Administración Electrónica e Patrimonio, de acordo coa delegación outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, órgano de contratación (disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), en data 10 de maio de 2018.


IV.- Proposta de resolución

A vista do exposto, propónse ao concelleiro delegado de Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

“Aprobar as respostas ás cuestións formuladas por P. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L. e contidas neste informe respecto do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia”.

A técnica de Administración xeral
 Ángela Fernández López
 (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2019 14:22	Páxina 2 de 3
	Expediente 20266/240	CSV: 2HEAC4-A5AAA6-8C5EB1-4BCPY9-9SPS9X-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expediente 2.496-611

O concellero-delegado da Área de Xestión municipal (Decreto de delegación competencial de data 19/06/2015 e 30/12/2016)

Francisco Javier Pardo Espiñeira
(sinatura dixital)

Dou fe, a Secretaria do Goberno local
M^a Concepción Campos Acuña
(sinatura dixital)

